

Como estimular a linguaxe?

É importante estimular a linguaxe dos nenos e nenas no ámbito familiar e reforzar na casa as aprendizaxes que se traballan durante o curso na escola.

Hai que ter en conta que a familia é o factor máis influente nas vidas dos vosos fillos e fillas, e por tanto, tamén o é sobre a súa fala e linguaxe.

Por iso é tan importante darlles un modelo comunicativo axeitado.



Pautas e actividades:

Para estimular a linguaxe dos vosos fillos e fillas propoñemos unha serie de pautas e actividades que se poden facer na casa:

-Falarlles lentamente, con entonación normal (non como se fosen máis pequenos), con claridade e articulando correctamente.

-Utilizar un vocabulario axeitado á idade do neno/a.

-Propoñer aos nenos/as situacións comunicativas para favorecer a súa expresión oral:

- cantar cancións infantís,
- contar contos,
- memorizar refráns, adiviñas e pequenas poesías,
- xogos de palabras como: palabras encadeadas. (primeiro terán que aprender a separar as palabras en sílabas, dando palmadas por cada golpe de voz).
- - Non correxir as palabras que o neno/a di mal, senón ofrecerlle o modelo correcto. Por exemplo, si o neno/a di "dóeme a tateta" responderémoslle: "Ah, dóече a cabeza? Donde che doe?..."
- - Evitar mofas, comparacións con outros nenos e repeticións constantes das palabras "mal pronunciadas".
- - Demostrarlles confianza, ofrecerlles seguridade e motivalos constantemente porque, ás veces, poden sentir certa ansiedade ou desánimo.

Contos e cancións



Cancións:

A través das cancións podemos traballar o vocabulario de animais, estacións, medios de transporte... e ao mesmo tempo traballar a pronunciación dos diferentes sons articulando as onomatopeias ou sons que fan as personaxes da canción. Exemplos de cancións: «El gallo Bartolito», «El pollito Pío», «Mi bicicleta» (da "Granxa de Cenón", "Cantajuegos")...

Contos:

Os contos nos permiten vivir múltiples aventuras ademais de aprender vocabulario, estimular a correcta pronunciación, mellorar a estrutura morfosintáctica das oracións e desenvolver habilidades sociais e lingüísticas. Son moi beneficiosos nesta etapa os contos que teñen imaxes chamativas para que os nenos e nenas vaian inventando e narrando a historia.. Despois de ler o conto tamén poden contarlllo ao seu moneco favorito ou á súa mascota. Tamén poden aprender os nomes das personaxes que neles aparecen, describilos, explicar como son os escenarios dos contos, inventar finais diferentes, dramatizar escenas do conto, imitar os sons das personaxes ou dos obxectos (como o chirrido dunha porta, unha campá que soa, un timbre...) e todo o que se vos ocorra.

Deixade voar a vosa imaxinación!!!!

Xogo simbólico



Con este tipo de xogo fomentamos o desenvolvemento da linguaxe, da capacidade cognitiva e a socialización. Cando xogamos cos nenos/as é importante adoptar diferentes roles de cara a establecer intercambios comunicativos funcionais.

Exemplos: Xogar ás cociñas, as tendas, cos monecos, á perruquería, aos médicos, etc. É importante representar esceas da vida real e reproducir distintos papeis sociais e roles.





Situacións novas do día a día

Podemos empregar todos os momentos e situacións do día a día para fomentar o desenvolvemento da linguaxe.

A compra:

Podemos aproveitar este momento para que os nenos/as nos axuden a elaborar a lista da compra, pensando e mirando o que nos fai falla.. Cando chegamos da compra e retiramos os alimentos, produtos de limpeza ou aseo das bolsas, podemos aproveitar para traballar o vocabulario. Ademais do seu nome, podemos mencionar que tipo de alimento son: as lentellas son legumes, as laranxas son froita, etc.

Poñer a lavadora:

Falar sobre que tipo de aparello é, como funciona, para que serve e cando introducimos a roupa no seu interior ir nomeando cada prenda, a súa cor...

Hora do almorzo, comida ou cea

Tamén podemos aproveitar estes momentos do día, ademais de para falar sobre os alimentos que imos comer, sobre os utensilios que empregamos : tipos de pratos, garfo, culler, coitelo, e todos aqueles que empreguemos. Podemos xogar a describilos, dicir en que se diferenzan uns doutros, que teñen en común, etc.. Cantando cancións como: «Soy una taza» dos «Cantajuegos» faremos que sexa un momento moi divertido.

Outros momentos do día que podemos aproveitar son: facer receitas de cociña, a hixiene persoal e todos aqueles que se vos ocorran.

